



PROGRAMA ELECTORAL ELECCIÓN XERAIS 2011

ÍNDICE PROGRAMA ELECCIÓN XERAIS 2011

I. LIMIAR

II. O CONTEXTO DA CRISE ECONÓMICA

1. Unha crise de modelo económico e social
2. O fracaso da construción neoliberal de Europa
3. A alternativa do BNG: unha saída social á crise

III. O TRABALLO DO BNG NAS CORTES XERAIS EN DEFENSA DAS CONQUISTAS SOCIAIS E A PROL DOS SECTORES PRODUTIVOS DE GALIZA

IV. A ALTERNATIVA DO BNG EN DEFENSA DAS MAIORÍAS SOCIAIS E DOS SECTORES PRODUTIVOS DE GALIZA.

1. UNHA ALTERNATIVA Á SUSTENTABILIDADE DAS FINANZAS PÚBLICAS

- 1.1 REFORMA FISCAL
- 1.2 RACIONALIZACIÓN ADMINISTRATIVA E DO GASTO PÚBLICO
- 1.3 UN MODELO DE FINANCIAMENTO ALTERNATIVO PARA GALIZA
- 1.4 UN MODELO DE FINANCIAMENTO XUSTO PARA OS CONCELLOS

2. UNHA ALTERNATIVA PARA A CREACIÓN E ESTABILIDADE NO EMPREGO

3. UNHA ALTERNATIVA PARA GARANTIR AS POLÍTICAS SOCIAIS

- 3.1 ASEGURAR E AVANZAR NA PROTECCIÓN SOCIAL
- 3.2 POLÍTICAS A PROL DA MOCIDADE
- 3.3 POLÍTICAS A PROL DA IGUALDADE

4. UNHA ALTERNATIVA PARA OS SECTORES PRODUTIVOS

- 4.1 IMPULSAR O ACCESO AO CRÉDITO DAS EMPRESAS E PERSOAS EMPREENDEDORAS
- 4.2 A REFORMA FINANCEIRA
- 4.3 APOIO AOS SECTORES PRODUTIVOS BÁSICOS E Á INNOVACIÓN
 - 4.3.1 IMPULSO Á PRODUTIVIDADE E AO INVESTIMENTO EN INNOVACIÓN
 - 4.3.2 POLÍTICA ENERXÉTICA
 - 4.3.3 SECTOR NAVAL
 - 4.3.4 SECTOR AGRARIO
 - 4.3.5 SECTOR PESQUEIRO
 - 4.3.6 IMPULSO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN
- 4.4 DESENVOLVEMENTO DE INFRAESTRUTURAS ESTRATÉXICAS E DE TRANSPORTE

5. UNHA ALTERNATIVA PARA A SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

6. UNHA ALTERNATIVA PARA FOMENTAR A DIVERSIDADE NA POLÍTICA LINGÜÍSTICA, CULTURAL, EDUCATIVA E DEPORTIVA

7. UNHA ALTERNATIVA PARA GARANTIR A DEMOCRACIA, AUMENTAR A TRANSPARENCIA E ESTENDER OS DEREITOS CÍVICOS

8. UNHA ALTERNATIVA PARA AVANZAR NO AUTOGOBERNO DE GALIZA

9. UNHA ALTERNATIVA A PROL DA PAZ E DA LEGALIDADE INTERNACIONAL

I. LIMIAR

Cada vez máis persoas están descontentas coa orientación das políticas públicas, que se están revelando ineficaces para saírmos da crise e inxustas desde o punto de vista social, así como cos continuos incumprimentos do Estado con Galiza e coa desatención a cuestións que afectan os intereses vitais do noso país.

Observan como os poderes públicos se someten aos ditados dos grandes poderes económicos; como decisións fundamentais para o seu futuro e dos pobos son adoptadas en ámbitos que non emanan da vontade democrática; como moitos representantes públicos se distancian no exercicio das súas responsabilidades da defensa dos intereses dos seus representados.

Esta situación só se pode revertir participando a través do exercicio do voto. De nada serve exteriorizar un malestar se ao tempo non se participa para propiciar que mude este estado de cousas.

O 20 de Novembro hai una oportunidade ao ser o momento da elección dos representantes nas Cortes Xerais que, unha vez electos, designan o Presidente do Goberno.

A alternativa do BNG vén avalada polo traballo feito desde que ten presenza no Congreso e no Senado, así como pola coherencia e credibilidade das súas propostas, baseadas na defensa de políticas alternativas para unha saída social á crise. O voto ao BNG é un voto útil, cun dobre valor, pois contribúe á defensa dunha orientación favorábel para as maiorías sociais nas políticas estatais e a que Galiza teña voz e peso político. En suma para:

- Que Galiza conte e teña peso na política estatal. Para que haxa unha representación que asegure a defensa dos intereses das galegas e galegos. A atención aos intereses de Galiza non depende da existencia ou non de "Gobernos amigos en Madrid", depende de ter voz e forza para influír positivamente na política estatal, que só o reforzo ao BNG pode asegurar, como avala a súa traxectoria parlamentaria.
- Transformar o modelo económico cara a un novo modelo centrado no apoio á economía produtiva e á xeración de emprego.
- Propiciar unha saída social á crise e impulsar políticas ao servizo das maiorías sociais, que prioricen a defensa do Estado do Benestar e aposten por políticas que manteñan a cohesión social, avogando por políticas orientadas a atender as necesidades das maiorías sociais.
- Rematar co bipartidismo e evitar que existan maiorías absolutas, que implican unha acumulación de poder, en mans dun único partido, negativa para a democracia e a defensa dos dereitos sociais.
- Contribuír á rexeneración da democracia, para que non se produza unha simple alternancia entre dúas forzas políticas que no substancial defenden as mesmas políticas económicas e idéntico modelo de Estado.

II. O CONTEXTO DA CRISE ECONÓMICA

1. Unha crise de modelo económico e social

As eleccións xerais de 2011 vanse celebrar nun escenario de prolongada e dura crise económica. Xa transcorreron tres anos desde a quebra encadeada das finanzas mundiais, trasladando á economía real ao longo deste período os seus efectos negativos. O incremento constante dos niveis de desemprego constatan a gravidade da crise. Mais tamén evidencian que as solucións e receitas económicas adoptadas, baixo a dirección e tutela das grandes institucións financeiras e monetarias internacionais, no canto de estimularen unha recuperación económica, contribuíron a que a crise aínda perdure na actualidade.

A análise interesada do que vén acontecendo desde o outono de 2008 centrou a explicación das causas da crise económica nun estoupido financeiro puntual, derivado dun afán desmedido de cobiza atribuíbel a determinados directivos ou altos executivos bancarios. Nese relato sempre foi excluída calquera relación da crise económica actual co modelo de crecemento implantando polo neoliberalismo económico desde hai tres décadas, nin coa súa acelerada evolución ao longo dos quince últimos anos, construído con base nunha economía dominada polo capital financeiro, guiada por criterios de investimento de carácter predominantemente especulativo, cada vez máis desconectada da economía real e das necesidades reais dos pobos e das persoas.

As reaccións afondan nese modelo, xa que as medidas impulsadas para superar a crise –que no esencial contan co aval tanto do PSOE como do PP– lonxe de abandonar o paradigma económico neoliberal, afondan en preservar un consenso económico asentado en solucións inspiradas na súa versión máis radical: no mantemento da total desregulación dos movementos de capitais, no afán de liberalizar e fuxir do control público os sectores esenciais da economía e servizos básicos, na flexibilización na contratación laboral en detrimento da estabilidade do emprego, na deslocalización produtiva, na privatización de sectores esenciais desprazando a propiedade pública para a súa apropiación por grandes corporacións privadas e, finalmente, nunha xestión do gasto público –disfrazada de austeridade– baseada no estrito control do déficit que implica unha contención de gasto social, que ten un fondo impacto nas políticas educativas, sanitarias e de servizos sociais, e do investimento produtivo, e asemade en manter unha política fiscal que, lonxe de contribuír á redistribución da renda, outorga un trato favorábel ás grandes fortunas e ás rendas de capital.

A consecuencia máis grave, sen restar importancia ás regresivas reformas económicas e sociais adoptadas durante os últimos anos, é a degradación dos valores democráticos e da propia democracia representativa. Lonxe de seren os representantes lexítimos, sexan gobernos ou cámaras lexislativas, os que levan as rédeas da estratexia contra a crise e, en consecuencia, aproban as medidas legais e executivas consonte o nivel de respaldo social, agora son directamente os axentes financeiros que operan nos “mercados”, os que ditan a pauta da política económica e social a aplicar en función dos seus intereses e non das arelas e necesidades das maiorías sociais.

2. O fracaso da construción neoliberal de Europa

A situación de crise económica estrutural que padecemos é a demostración do fracaso das políticas económicas neoliberais, que inspiraron –desde a súa constitución e con azos renovados desde o Tratado de Maastricht– a construción da Unión Europea (UE). Sendo esta a crise do neoliberalismo económico, tamén é a crise do modelo de integración económica e monetaria auspiciado pola Unión Europea, baseado na creación dun mercado único, na libre circulación de bens e capitais e na unión monetaria, e que cómpre mudar, de xeito inmediato nos seus aspectos fundamentais.

A cesión de soberanía que dito proceso supuxo para os Estados integrados na UE lexitimou a adopción de medidas económicas claramente lesivas co tecido produtivo de determinados territorios da Unión Europea para beneficiar a expansión económica dos Estados centrais, como ben coñecemos en Galiza. As competencias que a Unión Europea ostenta en distintos sectores da actividade económica foron empregadas sistematicamente para mutilar sectores produtivos estratéxicos para o noso país, mesmo nalgunha ocasión para socavar calquera capacidade de intervención ou planificación da economía desde Galiza, provocando unha destrución continuada de emprego ao longo de dúas décadas.

Xunto ás taras impostas aos sectores básicos da nosa economía, a forte atadura que implica a cesión de competencias en materia monetaria aparelada ao sistema monetario único, está a configurarse como un *corsé* infranqueábel para que a economía galega poida adoptar alternativas á crise que se afasten da ortodoxia imposta desde as institucións comunitarias.

Ao abeiro das competencias cedidas ás institucións comunitarias, os episodios de acoso á débeda pública nos denominados Estados periféricos da UE, entre eles o español, están a servir como pretexto para ordenar a aplicación de severos programas de axuste económico, inspirados en receitas que contribúen a crear condicións máis favorábeis para o dominio do capital financeiro e das grandes corporacións transnacionais, asegurando así a submisión definitiva dos gobernos democráticos. A austeridade fiscal e o control sobre a política monetaria en función dos intereses dos Estados máis poderosos (nomeadamente Alemaña e Francia) e da grande banca privada están a minguar as posibilidades de estimular a recuperación económica no contorno de Europa, fronte ao vigor económico que amosan outras economías noutras zonas do mundo, cada vez máis afastadas do rigor económico neoliberal e centradas en estimular un desenvolvemento económico en función do aproveitamento de todo o seu potencial produtivo.

Esa negativa evolución da crise económica no ámbito da Unión Europea tamén pon en evidencia a disfunción que vai implícita no deseño institucional ligado á unión monetaria, particularmente o papel outorgado ao Banco Central Europeo como institución independente que actúa con total falta de sintonía coa necesidade de articular políticas a prol da economía produtiva e da creación do emprego e, pola contra, mantén unha estreita vinculación co poder financeiro europeo.

Cómpre avanzar, como condición para a recuperación económica, cara a formulación doutro modelo alternativo nas antípodas da actual UE configurada como un poder supraestatal executor dunha política económica antisocial e contraria ao desenvolvemento autocentrado das nacións sen Estado, que teña os seus alicerces nunha Europa das nacións e pobos confederados. Entre as medidas a adoptar destacan:

- A vinculación das políticas monetarias a institucións democráticas, acometendo a conversión do actual estatus de “independencia” do Banco Central Europeo, de xeito que a súa dirección e control se exerzan por parte de representantes con lexitimidade democrática, alleos a toda convivencia co sector financeiro privado, e que teña como obxectivo prioritario da súa actividade a estabilidade económica e a creación de emprego.
- A anulación do Pacto de Estabilidade, dando paso á aplicación doutros criterios reitores da política económica baseados no apoio ao investimento produtivo a través do fomento económico dos sectores estratéxicos, no dereito a producir dos pobos, na garantía das políticas sociais, así como na promoción da redistribución económica, social e territorial inherente a todo espazo político-social.
- A derogación das normas e directrices comunitarias que deron pé á liberalización económica en sectores económicos esenciais e favoreceron a consolidación da posición dominante de oligopolios privados controlados por corporacións transnacionais.
- O impulso a unha regulación xusta das transaccións financeiras e a un control impositivo sobre as mesmas, fixando que a súa función principal é a de apoiar as necesidades de financiamento da economía produtiva, e ao tempo, prohibindo as negociacións especulativas da débeda soberana a fin de asegurar a estabilidade das finanzas públicas.
- A estrita supervisión das entidades e axencias do sector financeiro, de xeito que cumpran o papel fundamental de transferir crédito aos sectores produtivos e se elimine a especulación financeira, limitando ao máximo a negociación de produtos financeiros que alimentan a burbulla financeira.
- A emisión de eurobonos, dando soporte directo desde o Banco Central Europeo ás necesidades de financiamento dos Estados, sen que implique cesións adicionais de soberanía ou competencias ás institucións comunitarias.

3. A alternativa do BNG: unha saída social á crise

O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO non só vén criticando a estratexia e as medidas levadas a termo para loitar contra a crise, tamén vén avogando a prol dunha fonda mudanza destes fundamentos económicos. A nula recuperación económica e mesmo o agravamento da situación social, con maior desemprego e incremento das desigualdades, demostran a nula eficacia dunha saída á crise sen apenas variar os fundamentos económicos que guiaron as políticas económicas na época previa á crise.

Estamos convencidos firmemente en que só da man dunha alternativa ao modelo económico neoliberal actuante como a que sustenta o BNG, non dunha simple alternancia no poder de forzas políticas, se pode acometer unha recuperación económica, e mesmo evitar que no futuro se sucedan episodios de recesión e convulsión económica como o que estamos a atravesar.

O BNG está disposto a afondar nunha alternativa que rache co paradigma económico que nos guiou cara á fonda crise que atravesamos; a deseñar un futuro que poña en valor a diversidade lingüística e cultural, o dereito a producir consonte as vantaxes comparativas e os recursos dispoñíbeis de cada nación, de cada pobo, alicerzada en que:

- se restaure o papel regulador e redistribuidor dos poderes públicos no eido económico, como vía para atinxir un reparto xusto da riqueza;
- se aposte pola intervención pública na economía cara a sentar as bases dun cambio estrutural que leve a unha organización e desenvolvemento da economía baseada no traballo produtivo (non especulativo) e no dereito dos pobos a producir;
- se avance no autogoberno como vía para adoptar as solucións máis acaídas a cada pobo, como antídoto a unha globalización económica xerarquizante e discriminatoria;
- se acometa a reactivación dos sectores produtivos básicos de Galiza, eliminando ademais as taras produtivas que lles afectan, como fórmula para crear emprego estábel e de calidade;
- se procure como obxectivo primordial o acceso de todas as persoas a maiores cotas de benestar, a través do fortalecemento dos servizos públicos sociais como medida para corrixir as desigualdades sociais, crecentes nesta época de crise;
- se exerza un uso activo e eficaz do investimento público como mecanismo para que a maioría da poboación vexa satisfeitas necesidades básicas e non como pretexto e xustificación de retallamentos sociais.

En suma, a alternativa do BNG, plasmada no Programa Electoral ás eleccións xerais de 2011, condensa propostas políticas cara a superación das eivas, sistémicas e non conxunturais, do actual modelo económico, e tamén no camiño de asentar as bases non só de medre económico, senón de reparto xusto da riqueza e acceso igualitario de todas as capas sociais a maiores cotas de benestar.

III. O TRABALLO DO BNG NAS CORTES XERAIS EN DEFENSA DAS CONQUISTAS SOCIAIS E A PROL DOS SECTORES PRODUTIVOS DE GALIZA

Malia os anuncios iniciais do Goberno central de apostar por unha saída social á crise, o Goberno central asumiu sen matices un programa económico de dereitas, que tivo que enfrontarse á oposición e alternativas formuladas desde unha óptica nacionalista e de esquerdas que representou o BNG.

Perante o colapso do sistema financeiro, as medidas de intervención pública que adoptou o PSOE desde o Goberno central, amparado sempre polo PP, foron dirixidas ao seu saneamento, destinando inxentes cantidades de diñeiro para tapar unha xestión que malgastou importantes cantidades de recursos económicos, e non a sentar as bases para un novo modelo económico baseado na misión reguladora e estabilizadora do sector público na actividade económica. Como contrapartida, nin se adoptaron novas regras baixo as que ha de rexerse no futuro o sector financeiro que coutaran a especulación e orientaran a súa actividade de xeito prioritario ao apoio dos sectores produtivos estratéxicos, nin sequera se exixiron mudanzas na operativa de funcionamento ás entidades financeiras para que o diñeiro público recibido fose destinado primordialmente a restaurar o crédito ás pequenas e medianas empresas e ás persoas emprendedoras a fin de dinamizar a economía. Mesmo, avanzou nunha reforma do sistema financeiro que liquidou o modelo de caixas de aforro, acometendo a súa bancarización e centralizando as competencias, despoxando a Galiza das facultades de supervisión e coordinación sobre as mesmas. O deseño trazado está a piques de extinguir de feito a única caixa de aforros galega, cuxa actividade financeira será exercida por unha entidade bancaria cuxa dirección e administración corresponderá a investidores privados alleos ao país na súa maior parte.

As reformas regresivas non ficaron exclusivamente no eido do sistema financeiro. Ao longo dos últimos anos intensificouse a aprobación de medidas dirixidas a diminuír conquistas sociais, retallar dereitos sociais, en suma, a desmontar o sistema de benestar: reforma fiscal regresiva co incremento de impostos indirectos, supresión de deducións fiscais de apoio ás familias, renuncia á revisión de impostos ás grandes fortunas, só corrixido en parte a última hora; imposición dunha forte restrición do investimento público centrada nos retallamentos sociais (redución das pensións, incremento da idade de xubilación e prestacións por desemprego) e na diminución dos salarios dos empregados públicos; posta en marcha dunha nova vaga de privatización de servizos públicos (aeroportos e apostas do Estado); reforma laboral e da negociación colectiva para afondar na desprotección legal fronte á precariedade laboral; nula implementación de políticas de apoio aos sectores produtivos en crise en contraste co trato favorábel outorgado ao sector financeiro.

O BNG actuou no Congreso e no Senado en defensa dos intereses das maiorías sociais, de Galiza, non só rexeitando e negando apoio ao programa de recortes da dereita económica, executado polo PSOE, senón sobre todo propondo alternativas baseadas nunha saída social á crise, nunha recuperación económica centrada na xeración de emprego digno, no mantemento e ampliación dos dereitos sociais e no apoio aos sectores produtivos en dificultades. Así, o BNG:

- Formulou alternativas de redución do gasto de cara á sustentabilidade das finanzas públicas sen afectar o investimento público produtivo e ao gasto social, a través da racionalización administrativa como fórmula para reducir o déficit público: a supresión das Deputacións, a redución do gasto militar, a minoración dos gastos protocolarios dos Ministerios e da Casa Real, así como a eliminación da administración periférica do Estado.
- Propuxo unha reforma fiscal que acentuase o carácter progresivo do sistema, de xeito que se incrementase a equidade e a xustiza do mesmo, ao tempo que permitiría incrementar os ingresos públicos.
- Mantivo de xeito inalterábel a defensa dos nosos sectores produtivos e a necesaria adopción de medidas a escala comunitaria para erradicar discriminacións e vetos inxustos sobre sectores produtivos estratéxicos (leite, naval, pesca, conserva), denunciando o desleixo amosado polo Goberno central mesmo cando exerceu a Presidencia do momento da Unión Europea á hora de exercer presión política para resolver os problemas que atravesan por mor da adopción de políticas comunitarias discriminatorias co noso país.
- Opúxose a unha regresiva reforma do sistema público de pensións, que supuxo incrementar até os 67 anos a idade de xubilación e modificacións no cálculo da pensión que suporán para a maioría da poboación un descenso na contía da mesma.
- Propuxo medidas para a reforma do sector financeiro, como a creación dunha taxa sobre as transaccións financeiras de carácter especulativo (taxa Tobin), ou a erradicación dos paraísos fiscais.
- Opúxose á subida do IVE, por tratarse dunha suba nun imposto indirecto que non ten en conta a capacidade de pago do contribuínte.
- Opúxose ao tesoirada que contemplou a conxelación de pensións e recorte do soldo dos funcionarios.
- Demandou o pagamento das débedas dos clubs de fútbol coa administración tributaria e coa Seguridade Social.
- Opúxose á supresión de axudas aos desempregados sen prestacións, especialmente cando se manteñen altos índices de persoas rexistradas como desempregadas.
- Rexeitou a reforma laboral que precariza o emprego e abarata o despedimento, así como a reforma da negociación colectiva e da contratación temporal que retallan os dereitos dos traballadores e traballadoras.

- Propuxo a reforma da lei de amnistía, excluindo aos crimes de lesa humanidade do indulto xeral que outorga dita lei, o que permitiría investigar e xulgar os crimes cometidos durante a ditadura polo réxime franquista.
- Denunciou a errática política enerxética que discrimina as centrais térmicas de carbón de Galiza en detrimento das situadas noutros territorios do Estado, así como a redución das primas destinadas ás enerxías renovábeis, e avogou por unha reforma da normativa do sistema eléctrico para mudar o vixente mecanismo de poxas no mercado maiorista de electricidade, que como resultado xa está a implicar subas no recibo da luz próximas ao 10 por 100.
- Rexeitou a nova xeira de privatizacións, en servizos relacionados co transporte aéreo (AENA) e nas Lotarías do Estado, e tamén na cesión ao capital privado da xestión de novas infraestruturas públicas, como os treitos sen licitar do acceso ferroviario a Galiza ou as novas autovías interiores de Galiza.
- Afirmou o seu compromiso, perante a crise financeira, de retomar a banca pública, así como de manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, opóndose á reestruturación das caixas de aforro galegas que leva aparelhada unha bancarización e privatización irreversíbeis, con perda de decisión desde Galiza sobre o seu principal instrumento financeiro.
- Opúxose frontalmente á reforma constitucional que consagra a doutrina do déficit cero, e o pagamento prioritario da débeda pública aos prestamistas privados e limita as emisións de débeda, por riba de necesidades sociais básicas, demandando ademais unha reforma alternativa, onde a planificación económica e a política fiscal se poñan ao servizo da xeración de emprego como prioridade, así como ao sometemento a consulta en referendo público da mesma.

IV. A ALTERNATIVA DO BNG EN DEFENSA DAS MAIORÍAS SOCIAIS E DOS SECTORES PRODUTIVOS DE GALIZA.

1. UNHA ALTERNATIVA Á SUSTENTABILIDADE DAS FINANZAS PÚBLICAS

1.1 REFORMA FISCAL

O período de crecemento económico dos últimos lustros veu acompañado dun forte incremento das desigualdades na distribución da renda, que non só aumentaron ao analizar as rendas primarias (antes de impostos) senón que tamén creceron igualmente despois de impostos, o que significa que o sistema impositivo en vigor non contribúe a corrixir as desigualdades económicas e, por tanto, non cumpre a súa función de redistribución da riqueza.

O vixente sistema caracterízase por realizar un reparto inxusto e desigual da carga tributaria, onde a contribución impositiva recae sobre os impostos indirectos ao consumo e ás rendas do traballo, fronte ás de capital, e nun escenario onde estas últimas teñen un peso cada vez maior no PIB. Dese xeito, o resultado é un sistema fiscal cun baixo nivel de presión fiscal sobre determinadas rendas e un reparto pouco equitativo da carga fiscal que impide o desenvolvemento dun sistema de benestar e dos recursos necesarios para poder adoptar medidas de estímulo na economía dirixida a un crecemento sustentábel a longo prazo.

Durante os Gobernos de Zapatero, proseguiuse coa tendencia a substituír impostos directos (rebaixa no IRPF, supresión de Patrimonio –só recuperado agora por un período de dous anos–, rebaixa en Sociedades) por indirectos (subidas de IVE e Impostos Especiais). A rebaixa de impostos directos chegou a supoñer unha perda de recadación de 6.000 millóns de euros anuais, o que contrasta cos 8.000 millóns de euros anuais que permitiría recadar a proposta fiscal do BNG, explicitada máis adiante.

Esta situación agrávase coas elevadas cifras de fraude fiscal existente no Estado, que se estima (GESTHA, sindicato de técnicos de Facenda) en 59.515 millóns de euros, dos cales o 71,8% corresponde á evasión e fraude fiscal das grandes fortunas, corporacións empresariais e grandes empresas. Calcúlase que as actividades que escapan ao control do fisco supoñen en torno a un 23% do PIB, mentres que a media da Unión europea sitúase nun 13%. Por tanto, unha acción decidida a combater a fraude fiscal que acadase reduci-lo até a media europea, suporía uns ingresos adicionais de 25.000 millóns de euros anuais.

No actual contexto de crise e fortes restricións nos ingresos públicos, é totalmente prioritario acometer unha reforma fiscal co obxectivo de:

- Garantir e incrementar a capacidade recadadora do sistema tributario, de que xeito que se obteñan os recursos económicos, conseguindo loxicamente máis de quen máis ten, para cubrir un forte sistema de benestar que asegure o acceso de toda a poboación ás prestacións sociais e servizos públicos de calidade, que ademais de proporcionar unha maior calidade de vida, sen dúbida contribuirá a xerar novas oportunidades de emprego vinculadas á prestación de ditos servizos.
- Incrementar a xustiza do sistema fiscal, impulsando a función de redistribución da renda e riqueza e como instrumento activo na corrección das desigualdades sociais.

Así, esta reforma levará adiante as seguintes modificacións:

- No Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas introducíranse dous cambios:
 - Un novo tramo na tarifa xeral, para bases liquidábeis superiores a 100.000 euros anuais, que serán gravadas a un tipo marxinal do 50%, entendendo que os contribuíntes que perciben retribucións de elevada contía poden realizar un esforzo suplementario para financiar o gasto público.
 - Mellora da progresividade na tributación do aforro, cun novo tramo na súa tarifa para bases liquidábeis superiores aos 12.000 euros anuais, a un tipo do 24%. Ademais, recupérase o requisito do prazo de permanencia para calcular a tributación das plusvalías, suprimido na reforma fiscal de 2006.
- Supresión do réxime especial favorábel para os “impatriados” no Imposto sobre a Renda dos non Residentes, que permite a aplicación dun tipo mínimo marxinal a altas retribucións de deportistas estranxeiros, e cuxa modificación recente (denominada lei Beckham) foi insuficiente e non foi quen de rematar cos beneficios fiscais aplicábeis a ditos impatriados.
- No Imposto de Sociedades, establececerase un tipo do 35% para as bases impositivas que superen os 100 millóns de euros, isto é, empresas que teñan grandes beneficios.
- O Imposto sobre o Valor Engadido é un imposto indirecto que non ten en conta a capacidade de pago do contribuínte, polo que as nosas propostas céntranse en rebaixar varios aspectos deste imposto. Así, levaremos a cabo as seguintes medidas:
 - Rebaixa dos tipos impositivos xeral e reducido, ao 16% e 7% respectivamente, restituíndo deste xeito os tipos impositivos existentes antes da suba que impulsou o Goberno.

- Tributación ao tipo superreducido do 4% de todos os bens e prestacións de servizos ligados á cadea alimentaria que aínda tributan a outros tipos superiores.
- A respecto do Imposto de Sucesións e Doazóns, habilitarase un novo sistema de aplicación do imposto, para evitar que os cambios de residencia do contribuínte se utilicen para buscar unha menor tributación segundo as distintas regulacións das Comunidades Autónomas sobre o Imposto.
- Modificarase a lexislación das Institucións de Investimento Colectivo, coa finalidade de evitar os abusos das sociedades de investimento de capital variábel (SICAV), de patrimonios familiares, que cumprindo os actuais requisitos crean unha institución de investimento colectivo, cando na realidade son auténticas institucións de investimento individuais. Desta maneira eluden a tributación das millonarias plusvalías e dividendos obtidos, de forma que os seus partícipes non teñen necesidade de reintegrar a súa participación porque controlan integramente o destino dos investimentos da SICAV familiar, evitando tributar no IRPF pola renda do aforro diferida. Así, modifícase a definición das SICAV, definindo un límite máximo de participación (5% do capital da sociedade).
- Dotar de carácter permanente ao recentemente aprobado Imposto de Patrimonio, e mellorar a súa eficacia e capacidade recadadora.
- Exixirase o pagamento das débedas que os clubs deportivos, nomeadamente os de fútbol, teñen contraído coa administración tributaria e coa Seguridade Social.
- Ademais, deben afrontarse medidas efectivas de loita contra a fraude e a evasión fiscal, así como en xeral a economía soterrada, cun plan de actuación específico, que inclúa modificacións lexislativas e incremento de inspectores, para erradicar a actividade en paraísos fiscais e contra sociedades “pantalla” ou interpostas, así como de mediadores que facilitan a fraude fiscal.

1.2 RACIONALIZACIÓN ADMINISTRATIVA E DO GASTO PÚBLICO

A austeridade no gasto público está a ser empregada como pretexto para abordar retallamentos en dereitos e conquistas sociais, no canto de ser dirixida á redución da burocracia administrativa ordinaria e á racionalización e eliminación de duplicidades no aparato burocrático administrativo.

Para o BNG a austeridade que se debe acometer no sector público ha de ser selectiva en canto aos gastos obxecto de redución, de xeito que deixen intactos os relativos aos servizos públicos, e ao tempo se garanta a continuidade do gasto destinado a políticas sociais. Para iso, antes de incluso afrontar obxectivos restritivos de déficit público, debe afondarse nunha verdadeira reforma administrativa que elimine o innecesario, mais manteña con garantías e financiamento os servizos públicos sociais básicos. Así, o BNG propondrá:

- Suprimir Ministerios con competencias transferidas ás Comunidades Autónomas, así como Delegacións e Subdelegacións do Goberno, e transferir os servizos da administración periférica non asociados a competencias exclusivas do Estado ás Comunidades Autónomas.
- Instaurar un novo modelo de administración local, apostando pola supresión das Deputacións Provinciais en beneficio dos concellos e as CCAA, que asumirían as súas competencias.
- Dotar, de forma parella á supresión das institucións provinciais, de maior financiamento e recursos económicos aos concellos, como institucións máis próximas aos cidadáns e auténticos entes representantes do interese local.
- Reducir o gasto corrente non asociado aos servizos administrativos (atencións protocolarias, parque móbil, gastos de desprazamento, publicidade institucional) en todas as administracións, empresas e entes públicos, altos órganos consultivos, así como na Casa Real.
- Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro.
- Empezar unha estrutura máis simplificada das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, a través da creación dun Corpo único policial nese ámbito, que permita unha redución de infraestruturas e gastos comúns, e do despregue de Policías propias das Comunidades Autónomas cuxa lexislación así o prevea.
- Implantar de forma gradual ferramentas informáticas baseadas en software libre e non privativo no ámbito da administración, empresas e entidades públicas.
- Impulsar a administración electrónica: revisión dos procedementos administrativos, facendo efectiva a tramitación electrónica como vía ordinaria, a extensión dos portais e sedes electrónicas das Administracións e entidades públicas; así como intensificar as accións tendentes á redución nos prazos de resolución dos expedientes administrativos.
- Instituír un novo modelo de xestión orzamentaria e tributaria, coa creación de Axencias Tributarias nas CCAA que recaden e xestionen os tributos estatais, co obxectivo de mellorar a transparencia, eficacia e unha redución da estrutura burocrática da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

1.3 UN MODELO DE FINANCIAMENTO ALTERNATIVO PARA GALIZA

A reforma do modelo de financiamento das comunidades autónomas, aprobada a finais do 2009, malia conter tímidos avances en autonomía financeira –con maiores porcentaxes de cesión de tributos–, e en maior capacidade normativa das CCAA, –principalmente no IRPF– non incorpora cambios que permitan falar doutro modelo cualitativamente diferente ao anterior. Se o Estado é relativamente descentralizado no relativo ao gasto, continúa exercendo un férreo control sobre os ingresos recadados polas CCAA. Galiza ten a responsabilidade de subministrar servizos básicos para a cidadanía, como a sanidade ou a educación, porén, non pode deseñar un marco fiscal acaído a estas tarefas. Así, Galiza segue sen exercer a soberanía fiscal, que implicaría a territorialización dos tributos e capacidade normativa e de xestión sobre os mesmos,

contando cunha Axencia Tributaria Galega. Doutra banda, o novo sistema tampouco recolle satisfactoriamente os factores que en Galiza incrementan o custo dos servizos, como a dispersión e o avellentamento poboacional.

O BNG defenderá no Congreso dos Deputados un novo sistema fundado na plena soberanía fiscal de Galiza, é dicir, na territorialización plena dos tributos e na capacidade normativa e de xestión sobre os mesmos, contando cunha Axencia Tributaria galega. Este modelo debe completarse coa articulación de mecanismos redistributivos que garantan o equilibrio territorial no Estado. Esta proposta responde a unha concepción racional do Estado español, baseada na unión real en interese de todos, na transparencia, na autorresponsabilidade e na crenza nas propias capacidades do país.

1.4 UN MODELO DE FINANCIAMENTO XUSTO PARA OS CONCELLOS

A insuficiencia financeira que padecen os concellos ten un carácter estrutural, xa que o actual modelo de financiamento local é incapaz de garantir a suficiencia dinámica dos recursos no ámbito local. A actual crise económica evidencia con maior forza o grave problema de financiamento que padecen os concellos, tendo na actualidade moitos deles grandes dificultades para atender os servizos públicos. Asemade, a supeditación das finanzas locais ao dogma de contención rigorosa do déficit público, elevado agora a doutrina constitucional, sacrifica a capacidade de endebedamento dos entes locais, inclusive cando é destinado a obteren recursos para investimento produtivo e social.

Por tanto, é necesaria a reforma do financiamento local, e esta pasa pola adecuación das bases á actividade económica actual, pola integración do mesmo no ámbito galego, por un reparto da PIE que teña en conta os maiores custos da prestación dos servizos derivados da realidade galega. O BNG considera necesario abordar a reforma do sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE) con base nos seguintes eixos:

- Integrar o financiamento dos entes locais nos orzamentos da Xunta de Galiza, permitindo unha adaptación ás características do territorio e da organización local galega.
- Incorporar como criterios para o reparto os factores que incrementan o custo dos servizos, como a superficie, a dispersión territorial e o avellentamento poboacional.
- Estabelecer nos orzamentos xerais do Estado de compensacións aos concellos polos beneficios fiscais concedidos á Igrexa Católica, bens afectos á Defensa, infraestruturas explotadas en réxime de concesión, e outros análogos.

En tanto non se levar a cabo esta reforma, o BNG demandará do Estado que arbitre mecanismos para garantir o financiamento dos Concellos de Galiza e se establezan aprazamentos na devolución de ingresos da PIE, condicionándoos en todo caso a que non se poña en risco a suficiencia financeira dos concellos para atender servizos públicos básicos.

2. UNHA ALTERNATIVA PARA A CREACIÓN E ESTABILIDADE NO EMPREGO

O contexto de crise económica está a provocar un grave deterioro da situación laboral en Galiza, tanto do punto de vista da destrución masiva de emprego como do incremento da precariedade laboral.

Nesa negativa evolución da situación laboral ten unha influencia decisiva a teima en aplicar unha política económica que sitúa como prioridade a contención indiscriminada do investimento público, baixo a cal se lle nega calquera capacidade ao sector público para crear –de xeito directo ou inducido– emprego, e mesmo o uso da crise económica como pretexto para emprender reformas laborais que unicamente perseguen minguar as condicións de traballo.

Esa estratexia vén revelándose como un rotundo fracaso. Malia a aplicación continuada do “programa reformas” que, segundo afirman tanto PSOE como PP, van aliviar a situación económica e socio-laboral, os resultados son nefastos. Após insistir na necesidade da reforma laboral co obxectivo de crear condicións para mellorar a ocupación laboral, a súa aprobación trouxo consigo máis paro e máis precariedade laboral, xa que nin a taxa de desemprego global minguou nin houbo un aumento da contratación indefinida, senón todo o contrario, os contratos temporais son cada vez a modalidade máis usual de contratación laboral. Galiza, a pesar de ter un baixa taxa de actividade do 55 por 100, mantén unha taxa de desemprego próxima ao 17 por 100 (que ascende ao 31 por 100 no caso da xente moza), e unha taxa de temporalidade do emprego do 24 por 100 (que supera o 53 por 100 nas persoas máis novas que teñen ocupación laboral). Aínda con este desolador panorama, como colofón, véñense de aumentar os supostos para ampliar máis contratos precarios (formación) e reducir garantías ante a fraude na contratación temporal por obra ou servizo.

O BNG considera que a verdadeira prioridade é a xeración de emprego digno e estábel. Dunha banda, incentivando a capacidade produtiva dos sectores económicos básicos do país, isto é, asentado nun modelo de desenvolvemento sustentábel que poña en valor os recursos endóxeos. Doutra banda, adoptando un marco de relacións laborais xustas que protexa os dereitos das traballadoras e traballadores a fin de evitar a abusiva proliferación da contratación en fráxiles e inestábeis condicións. Para isto o BNG propón:

- A mudanza do réxime das relacións laborais, retomando unha regulación máis equitativa a fin de asegurar que a contratación indefinida sexa a regra xeral, para que se reduzan as modalidades de contratación temporal, se restrinxa a contratación a tempo parcial e se supriman modalidade de contratos laborais en precario.
- A restauración dos dereitos adquiridos sobre garantías ante o despedimento improcedente e nulo, impulsando as reformas precisas para que o Estatuto dos Traballadores restabeleza –con carácter xeral– a indemnización de 45 días por ano de servizo.

- A modificación da regulación sobre os expedientes de regulación de emprego, de xeito que se impida a súa aplicación en empresas con grandes beneficios.
- A transferencia, con carácter xeral, de todas as políticas de fomento do emprego e formación continua a Galiza, a fin de adaptar plenamente a estratexia de estímulos ao emprego ás peculiaridades socioeconómicas do noso país.
- O deseño de políticas de fomento do emprego xuvenil co obxectivo da creación de emprego estábel e nunhas condicións laborais dignas.
- A revisión das políticas de fomento do emprego, concentrando as axudas á contratación de emprego en colectivos específicos con altas taxas de desemprego, e vinculando o seu financiamento a fondos do Estado procedentes da recadación fiscal.
- O mantemento e aumento do reforzo dos servizos públicos de emprego, sobre todo no eido da orientación e intermediación laboral, fortalecendo a contratación de orientadores laborais, e unha mellor adecuación entre as ofertas e emprego e o perfil formativo e profesional da persoa solicitante.
- A modificación da lexislación sobre empresas de traballo temporal, de xeito que a súa actividade se vexa cinguida exclusivamente a funcións moi especializadas e vetando a súa actuación en ocupacións habituais nas empresas; así como das axencias de colocación privadas, eliminando a posibilidade de obter lucro.
- O avance cara a un mellor reparto do tempo de traballo, como política creadora de emprego, incentivando a redución do horario semanal, e limitando a realización de horas extraordinarias.
- A ampliación das medidas relativas á conciliación da vida laboral e familiar das persoas traballadoras.
- O apoio público decidido ao emprendemento, a través da potenciación do emprego autónomo, en cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais; así como a promoción e difusión e fomento do cooperativismo e da economía social como vías para procurar unha ocupación laboral.
- O avance cara a un marco galego de relacións laborais, potenciando a negociación colectiva a nivel da Comunidade Autónoma, evitando a centralización das unidades de negociación, e así mesmo, atribuíndo a lexitimación para negociar nos grupos de empresa aos sindicatos máis representativos a nivel autonómico.
- O sometemento a un maior control a subcontratación, evitando a precarización das relacións laborais que leva aparellada, como aposta para fomentar a maior capacidade profesional dos traballadores e traballadoras, e o incremento da seguranza no traballo.
- A aplicación dun plano global de acción contra a sinistralidade laboral, que comprenda: o fomento do emprego estábel nos sectores que presentan maiores taxas de sinistralidade, a intensificación no control das actuacións das empresas e sectores que acumulan un elevado número de accidentes no traballo, a redución obrigatoria da xornada laboral nas actividades máis perigosas, o establecemento de mecanismos de promoción profesional para os traballadores e traballadoras que desenvolven a súa actividade en ambientes prexudiciais para a saúde, e a posta en marcha de planos específicos de actuación para paliar a alta sinistralidade no mar e no agro.

3. UNHA ALTERNATIVA PARA GARANTIR AS POLÍTICAS SOCIAIS

O decorrer da crise económica está a agravar a situación económica e social da maioría das persoas. Cada chanzo que se avanza nas “reformas” impulsadas polo Goberno central, inspiradas desde o Fondo Monetario Internacional, Banco Central Europeo ou a Unión Europea, degradan máis o estado de benestar e ao mesmo tempo favorecen cada vez máis ás minorías oligárquicas, organizadas arredor do poder financeiro. Canto máis afán se pon na defensa con decisión da desregulación dos movementos de capitais, da libre circulación de bens e servizos, do monetarismo, máis se ataca a dereitos sociais conquistados, máis se retallan os servizos públicos destinados a satisfacer necesidades básicas da maioría das persoas.

Neste contexto, as desigualdades sociais medran e a cohesión social mingua, especialmente nos territorios periféricos. Galiza presenta índices de medre no desemprego, baixa ocupación laboral, declive demográfico, emigración de mozos e mozas cualificados, que amosan a intensificación da xa preocupante deriva do punto de vista económico e social. Está comprobado que estas variábeis son determinantes sociais da saúde que inflúen non só na calidade de vida senón na esperanza de vida e na carga de enfermidade da poboación. Nin unha soa das medidas implementadas en Galiza, for de competencia do Goberno central, for responsabilidade da Xunta de Galiza, están a contribuír a mellorar a situación da maioría das persoas. Podemos afirmar que as condicións materiais de vida dunha inmensa maioría social son peores agora que no momento de maior intensidade da crise financeira, isto é, que desde finais de 2008 até agora, a situación económica e social para a maior parte da poboación non fixo máis que agravarse, malia que sobre o que acontece en Galiza teñen responsabilidades de goberno partilladas PSOE e o PP.

O impacto que está a ter no Estado español a obsesión por retallar o déficit e pola consolidación fiscal tradúcese en intensos recortes no gasto social. Despréndese que é un excesivo gasto social o culpábel do déficit, e que nos dotamos duns instrumentos de benestar “por riba das nosas posibilidades”. Porén, segundo as cifras de “gasto en protección social” expresado en porcentaxe do PIB, o Estado español está moi por debaixo da media da UE – 27, e tamén, os países con maior presión dos mercados nas súas emisións de débeda e os que maiores dificultades están a ter na súa consolidación fiscal (Grecia, Portugal, Irlanda), coinciden nun gasto en protección social por debaixo da media europea.

3.1 ASEGURAR E AVANZAR NA PROTECCIÓN SOCIAL

O BNG non só expresará o seu rexeitamento a que continúe a política de destrución do gasto social, senón que propugnará una alternativa baseada en:

- Incrementar o gasto global en protección social até atinxir nun período de catro anos o gasto medio en protección social no conxunto da Unión Europea.
- Asegurar o carácter público dos servizos sociais básicos, tanto na súa titularidade, xestión e financiamento, rexeitando calquera medida que implique avanzar cara a súa privatización.
- Impulsar a acción colectiva do goberno central para mellorar os determinantes sociais de saúde con políticas de superación das desigualdades e con transferencias de fondos a comunidades autónomas e concellos de cara a reforzar estratexias comunitarias de actuación local e comarcal.
- Aplicar o superávit da Seguridade Social á dotación do Fondo de Reserva e á mellora da acción protectora do sistema, rexeitando calquera posibilidade de destinalo á redución do endebedamento doutras Administracións públicas.
- Mellorar as pensións do nivel contributivo e non contributivo da Seguridade Social, revogando as reformas de extensión da idade de xubilación e o período de cálculo da pensión.
- Garantir un financiamento suficiente da sanidade pública, incrementando significativamente o valor dos parámetros de dispersión e envellecemento da poboación, e asegurando maior racionalidade no gasto farmacéutico facendo partícipe ás CCAA, no seo do Consello Interterritorial, da decisión do financiamento e prezo dos medicamentos.
- Reforzar o carácter público da sanidade e reducir as súas posibilidades de privatización mediante unha modificación da Lei 15/97, sobre habilitación de novas formas de xestión do Sistema de Saúde, en que asegure que a titularidade, financiamento, xestión e provisión de servizos sanitarios se fará con entidades exclusivamente públicas.
- Comprometerse á mellora dos parámetros de calidade do sistema público de saúde, reforzando as áreas máis deficitarias coa elaboración e financiamento dun Plan Estratéxico de Saúde Mental e manexo de condutas aditivas, e dos Servizos de Coidados Paliativos e de asistencia a unha morte digna; asegurando a transparencia das listas de espera mediante a obrigatoriedade de publicar as listas de espera estruturais, as non estruturais e os pacientes en lista de espera pendentes de cita; a incorporación progresiva de asistencia odontolóxica gratuíta até os 18 anos e a prescrición pública de próteses removíbeis; e a incorporación de novas prestacións como a podoloxía con financiamento público da mesma en función da renda.
- Afondar na mellora dos parámetros de calidade do sistema público de saúde, incrementando o catálogo de prestacións a novas especialidades médicas e farmacolóxicas.
- Articular, en colaboración coas Comunidades Autónomas, a plena aplicación e despregamento da Lei da dependencia.
- Potenciar as medidas de rehabilitación de vivendas destinadas a residencia habitual, especialmente en núcleos históricos e no medio rural, así como manter o financiamento público para prorrogar os programas de aluguer en beneficio das persoas mozas ou con poucos recursos.
- Mellorar as pensións, nomeadamente as dos réximes especiais, e corrixir as desigualdades territoriais.

- Eliminar as medidas regresivas adoptadas na última reforma das pensións, nomeadamente a recuperación do establecemento da idade de xubilación aos 65 anos e do cómputo para o cálculo da contía da pensión de xubilación aos 15 anos.
- Reformar a lexislación hipotecaria para admitir a dación en pagamento como liquidación total da débeda hipotecaria, así como para introducir a posibilidade de oposición de debedores que atravesen dificultades económicas cando o obxecto de embargo sexa a vivenda destinada a residencia habitual.

3.2 POLÍTICAS A PROL DA MOCIDADE

O BNG trasladará ás Cortes Xerais as principais inxerencias da mocidade galega, desenvolvendo iniciativas encamiñadas a defender os intereses da xente nova. Entre elas destacan:

- Deseño de políticas de fomento do emprego xuvenil co obxectivo da creación de emprego estábel e nunhas condicións laborais dignas, sendo obxectivo prioritario a igualdade de condicións e oportunidades das mozas galegas.
- Establecemento da remuneración co salario mínimo interprofesional nos contratos formativos e de prácticas.
- Reestruturación da formación continua co obxectivo de a adaptar á realidade socio-laboral da mocidade galega.
- Establecemento de liñas de axuda específica á xente nova para o acceso á vivenda. Igualmente, demandarase a inclusión da mocidade dentro dos colectivos favorecidos para ter acceso a vivendas de protección oficial.
- Revisión dos criterios na concesión de bolsas de estudos co obxectivo de que se teña en conta a realidade socioeconómica da mocidade galega.

3.3 POLÍTICAS A PROL DA IGUALDADE

A actual crise económica está provocando un incremento das desigualdades e a aplicación de recortes no ámbito das políticas sociais. Estas decisións limitan o desenvolvemento de políticas sociais igualitarias e inciden negativamente na aplicación de medidas que erradiquen as discriminacións de xénero. Os retallamentos de dereitos no eido laboral teñen un efecto máis grave no caso das mulleres, que xa partían duns indicadores máis negativos: elevadas taxas de paro, persistencia da fenda salarial, unha maior precariedade laboral ou pensións máis baixas. Coa adopción destas medidas regresivas, a retórica a prol da igualdade, fica en papel mollado e, na práctica, danse pasos na dirección contraria que terán como consecuencia un incremento das desigualdades entre homes e mulleres.

O BNG defenderá o impulso de políticas dirixidas á igualdade real, que muden e melloren a situación das mulleres, que potencien a súa presenza activa nos distintos ámbitos da vida social e que favorezan as condicións persoais e colectivas que posibiliten ese cambio. Para conseguir isto proporemos as seguintes medidas:

- Incrementar e mellorar os recursos e actuacións destinadas a avanzar na efectiva igualdade en todos os ámbitos sociais e económicos, a fin de evitar que a actual crise económica e as políticas de recorte do gasto público, supoñan un retroceso na aplicación de políticas a prol da igualdade de xénero.
- Realizar unha avaliación rigorosa sobre a aplicación da Lei contra a violencia de xénero, a fin de adoptar as modificacións que sexan necesarias á vista da experiencia na súa aplicación, e detectar necesidades de dotación de maior financiamento para facer efectivas as súas medidas. Particularmente, defenderemos unha reforma da lei contra a violencia de xénero que desligue o acceso aos recursos e axudas destinadas ás mulleres que sofren violencia machista do recurso á vía penal, así como a implantación de Xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades galegas.
- Avanzar na aplicación da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo de xeito que se garanta a súa prestación no ámbito sanitario público e a igualdade de acceso en todo o territorio. Para isto promoveranse os cambios normativos precisos para establecer un hospital público de referencia por área sanitaria.
- Asegurar o emprego dunha linguaxe non sexista nas publicacións, libros de texto, medios de comunicación social, dependentes da administración do Estado.
- Erradicar as mensaxes e programas nos medios de comunicación de marcado carácter sexista e ofensivo contra as mulleres, así como velar por información que protexa a intimidade das vítimas de violencia de xénero.
- Impedir normativamente a percepción de axudas públicas ou a sinatura de concertos educativos daqueles centros que segreguen o alumnado en razón do seu sexo.
- Regular a prohibición da publicidade de contactos sexuais, por encubriren na maior parte dos casos organizacións de tráfico ilegal e explotación de mulleres, nos medios de comunicación social, públicos e privados, e en todo tipo de soportes.
- Reclamar a transferencia da Inspección de Traballo e Seguridade Social a Galiza, dotándoa de máis medios e liñas de actuación para inspeccionar a situación laboral nos segmentos de ocupación fortemente feminizados, así como dos mecanismos administrativos necesarios.

4. UNHA ALTERNATIVA PARA OS SECTORES PRODUTIVOS

4.1 IMPULSAR O ACCESO AO CRÉDITO DAS EMPRESAS E PERSOAS EMPRENDEDORAS

As restricións no acceso ao crédito, aínda persistentes, son un importante lastre para iniciar a xeira da recuperación e o crecemento económico. As medidas adoptadas, dirixidas ao saneamento do sector financeiro, non están a ser satisfactorias, polo que desde o ámbito público cómpre ir máis alá, reformulando os instrumentos do crédito oficial para que exerzan o papel de mediadores financeiros en toda a súa extensión. Tórnase por tanto precisa:

- A revisión das axudas e avais concedidos ao sector financeiro, de xeito que se vincule a concesión e mantemento dos recursos públicos á aplicación dunha política crediticia centrada nas pequenas e medianas empresas, nas emprendedoras e nos emprendedores.
- A creación da Banca Pública, a través da transformación do Instituto de Crédito Oficial como unha banca pública con vocación comercial, especializada na concesión directa de créditos a PEMEs, emprendedores e autónomos a través dunha rede comercial propia.
- A creación de liñas de crédito directo do ICO ao sector primario no seu conxunto (agrario e pesqueiro), con atención preferente aos subsectores máis afectados pola crise e unha financiamento que asegure a viabilidade das explotacións e/ou outros centros de produción, cooperativas e industria transformadora.

4.2 A REFORMA FINANCEIRA

A comezos da crise, ante o colapso do sector financeiro, o Goberno deseñou un plan de rescate. Este plan non contemplaba a entrada no capital da Banca, o que tería permitido ao Goberno influír nas decisións da banca privada, mais nin tan sequera contemplou ningunha contrapartida, como puido ter sido a exixencia de dar crédito á economía produtiva e ás familias, ou á regulación dos soldos e dietas dos altos directivos. A aprobación do FROB supuxo abrir as portas á perda da vinculación das caixas co seu territorio e posteriormente á súa bancarización, nun proceso de claro matiz centralista e privatizador dirixido polo Banco de España.

O plan de rescate supuxo unha inxección á banca de 89.000 millóns de euros, e a esta cantidade hai que sumarlle en torno aos 10.000 millóns de euros que mediante o FROB se destinaron ás caixas de aforro, na máis pura concepción de “socializar as perdas e privatizar os beneficios”, que o BNG ten denunciado en numerosas ocasións.

Unha vez aplicadas medidas iniciais para evitar o colapso da banca privada, a través de axudas en forma de inxentes transferencias de fondos públicos ás entidades financeiras, a estabilidade do sector financeiro está aínda sen garantir e persisten as limitacións no acceso ao crédito para a maioría de persoas e empresas. A causa disto é a nula vontade por parte dos Gobernos dos estados con economías máis desenvolvidas (G-20), das institucións financeiras internacionais e dos Bancos Centrais para adoptaren medidas de regulación sobre a actividade do sector financeiro que vaian alén dunha mera supervisión, que impliquen, non só actuar con máis rigor a través dos mecanismos de control das entidades e axentes financeiros, senón a limitación dos movementos especulativos de capital e a capacidade de supeditar a actividade financeira ás necesidades da economía produtiva. A solución pasa tamén pola participación do sector público no ámbito financeiro, impulsando a banca pública e novas fórmulas de participación pública a respecto das caixas de aforros, tendentes á reversión das mesmas á súa natureza orixinaria. Un primeiro paso debe ser garantir que os representantes designados polo FROB para os órganos de dirección da nova caixa galega sexan elixidos por institucións galegas.

O BNG apostará pola racionalidade económica, por impor aos mercados financeiros –desde os poderes democráticos– pautas de actuación en función do interese xeral e do aproveitamento sustentábel dos recursos naturais. Entre elas destacan as seguintes:

- A fixación da estratexia económica do sector financeiro en función dos intereses das maiorías sociais.
- A introdución de regulacións claras e precisas sobre as transaccións financeiras que comporten a eliminación e prohibición das actividades especulativas máis agresivas.
- A intensificación da supervisión do sector financeiro, co obxectivo de garantir a estabilidade económica.
- A implantación dunha fiscalidade sobre a actividade financeira: impulso á creación dunha taxa, de ámbito internacional, que grave as transaccións especulativas, non vinculadas ao financiamento da economía real (taxa Tobin), e a un gravame sobre os grandes beneficios da banca privada.
- As axudas e achegas do Estado á banca e caixas deben supor a toma de participacións no seu capital, e con iso levarase a cabo un control efectivo que permita a restauración do crédito. Por tanto, a presenza pública no capital ten que servir para que se active de novo o crédito ao tecido produtivo e á economía doméstica.
- A introdución de regras sobre a retribución dos altos directivos do sector financeiro, limitando os salarios e o establecemento de bonos e incentivos desmedidos.
- A aprobación de normas sobre servizos financeiros que limiten o cobro de comisións abusivas aos usuarios, así como o reforzamento da transparencia da información das entidades financeiras.
- Establecemento de garantías para a devolución das axudas e avais públicos concedidos ás entidades financeiras, así como a revisión das condicións de concesión para vincular os fondos recibidos á reactivación do crédito.

4.3 APOIO AOS SECTORES PRODUTIVOS BÁSICOS E Á INNOVACIÓN

A recuperación económica e do emprego require unha actuación activa desde os poderes públicos dirixida a apoiar os sectores económicos que tradicionalmente serviron de sustento á economía, e que foron obxecto de traumáticas reconversións sen que se obtivesen uns resultados satisfactorios após ese proceso, aínda contando coas vantaxes comparativas para iso.

Por outra banda, cómpre ademais no momento de recesión como o actual, redefinir o noso modelo produtivo e o tipo de especializacións predominantes, na dirección dunha economía baseada no coñecemento, máis produtiva e sustentábel.

Por iso, o BNG tamén considera estratéxica a aposta firme e decidida por políticas que fomenten a I+D+i.

4.3.1 IMPULSO Á PRODUTIVIDADE E AO INVESTIMENTO EN INNOVACIÓN

A adopción dunha política industrial activa é clave para permitir un novo modelo de crecemento que recupere o dinamismo da actividade económica e o emprego. Unha reorientación nesta dirección implica todas as políticas (educativa, do solo, fiscal, medioambiental, laboral, así como diferentes políticas sectoriais), mais ocupando un lugar central as políticas de I+D e innovación. Porén, o impulso a políticas de I+D foi unha das grandes esquecidas polo Goberno do Estado nesta lexislatura.

Por tanto, tendo en conta a importancia das políticas de I+D e innovación, así como o seu carácter transversal, avogamos por incrementar considerabelmente os fondos e porcentaxe de PIB dedicada ao I+D+i, así como por unha descentralización dos fondos, que concretamos nas seguintes medidas:

- Impulsar un gran Pacto pola Innovación que inclúa os axentes sociais e o Estado, no cal se estableza a estratexia e obxectivos, e que, para garantir o cumprimento dos mesmos, se estableza un marco de financiamento plurianual ambicioso e blindado, con compromisos orzamentarios anuais.
- Favorecer un marco fiscal que incentive a innovación. Débese modificar a concepción do Capital Risco, de maneira que se aplique este concepto –e polo tanto un tratamento fiscal favorábel– a un abano restrinxido de actividades innovadoras claramente delimitadas: biotecnoloxías, novos materiais, enerxías renovábeis etc.
- A adopción de medidas dirixidas á cohesión territorial, como o apoio singular e diferenciado desde o Plan Nacional de I+D+i 2012-2015 ás comunidades obxectivo de converxencia como Galiza, así como un reparto do Fondo Tecnolóxico e de fondos estruturais acorde a esta circunstancia.

4.3.2 POLÍTICA ENERXÉTICA

O BNG impulsará un desenvolvemento enerxético e mineiro autocentrado e acorde ás necesidades e potencialidades do país, coa fin de reducir a dependencia enerxética, minimizar os impactos ambientais, nomeadamente o cambio climático, e promover unha actuación sustentábel no ámbito da produción, transporte e distribución, onde, as políticas destinadas ao aforro e á eficiencia enerxética deben ocupar un lugar destacado. Doutra banda, a actual crise fai máis necesario que nunca impulsar as medidas tendentes a reducir o prezo da electricidade. O BNG levará a termo as seguintes medidas nas Cortes Xerais:

- Retirada do actual Decreto do carbón, xa que a aposta pola xeración eléctrica a partir do “carbón autóctono”, e isto afectará gravemente á actividade económica das centrais térmicas das Pontes e Meirama que usan carbón importado e, posto que é altamente contaminante, resulta contraditorio co obxectivo de reducir as emisións de CO₂.
- Introducción de cambios na regulación dos mercados almacenistas de enerxía eléctrica para conseguir unha redución real do prezo da enerxía. Así, é preciso modificar a lei 54/1997 do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.
- Impulso das enerxías renovábeis, e oposición á redución das primas destinadas a fomentar este tipo de enerxía.
- Promoción de mudanzas no actual deseño fiscal do Estado español para que as empresas que desenvolven actividades mineiras ou de produción de enerxía eléctrica en territorio galego tributen á facenda galega pola parte proporcional que tales actividades supoñen dentro da base impoñíbel do imposto de sociedades, IVE e todos os demais tributos que proceda.
- Reclamación da transferencia efectiva de outorgar autorizacións administrativas a todas as instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica que estean localizadas en territorio galego.
- Supresión do rexistro de preasignación de retribución, posto que constitúe un colo de botella para o desenvolvemento das enerxías renovábeis, recorta as competencias de Galiza no réxime especial e está ocasionando un grave problema para a industria que subministra equipos ás instalacións de produción de enerxía eléctrica.
- Medidas de fomento do aforro e eficiencia enerxética: entre elas, establecer un “plan de localización eficiente de industrias intensivas en consumo de enerxía eléctrica” que incentive a implantación deste tipo de industrias nas CCAA exportadoras de enerxía eléctrica.

4.3.3 SECTOR NAVAL

A pesar de o sector naval ter un carácter estratéxico para Galiza, está a sufrir en primeira persoa as limitacións da produción por parte da UE, que impiden que o estaleiro público Navantia-Fene poida construír buques civís. A esta limitación hai que sumarlle a imposibilidade de realizar contratos mediante a fórmula do “tax lease”, debido ao procedemento iniciado pola Comisión Europea, o que está paralizano a formalización de novos contratos por parte dos estaleiros. Este feito está provocando unha forte crise no sector e ameaza a súa viabilidade. Neste contexto, o BNG instará o Goberno a que leve a cabo as seguintes medidas:

- Impulsar a apertura dun proceso negociador coa UE para revisar os acordos do ano 2004 –que limitan até o ano 2015 a actividade do estaleiro de Fene a tarefas auxiliares do estaleiro Navantia-Ferrol– coa finalidade de que o estaleiro de Fene poida desenvolver plenamente as súas actividades produtivas na construción naval civil.
- Garantir un soporte financeiro necesario ao sector naval en Galiza, que permita acometer novos proxectos e captar pedidos internacionais.
- Solicitar á Unión Europea que permita o “tax lease” na realización de contratos por parte dos estaleiros, en tanto non se resolva o procedemento iniciado pola Comisión Europea a respecto da súa aplicación no Estado español, así como negociar coa Unión Europea a resolución deste procedemento mediante un mecanismo pactado por ambas as partes, diferente á suspensión do “tax lease” nos contratos, no cal se contemple o carácter estratéxico do sector naval.

4.3.4 SECTOR AGRARIO

O sector agrario galego segue a ser un eixo de vital importancia na economía galega, alén da súa contribución fundamental desde o punto de vista territorial. Malia a súa transcendencia, as políticas económicas estatais, ora por acción propia dos sucesivos Gobernos centrais, ora por omisión na defensa dos seus intereses perante a aplicación de políticas comunitarias que esmagaron a súa capacidade produtiva, supuxeron un freo ao aproveitamento do seu potencial. É preciso que esa negativa evolución mude por completo a través dunha valorización do noso medio rural e das principais actividades económicas que se levan a termo no mesmo. Para conseguir isto é necesario:

- Manter a defensa no marco europeo, como principio para todo o sector agroalimentario, da existencia de mecanismos de intervención públicos nos mercados agrarios, que resulten eficaces para suavizar as oscilacións de prezos percibidos polo sector produtor e evitar situacións de crise que poidan ter un forte impacto social.
- Impulsar normativas que melloren a regulación do prezo de referencia do leite, e, con carácter extensivo, doutros produtos alimentarios, de maneira que se teñan en conta os custos de produción, así como un sistema que garanta a transparencia na formación de prezos dos produtos alimenticios que erradique as ganancias especulativas neste sector ao tratarse de bens de primeira necesidade para o conxunto da poboación.

- Crear un Fondo Lácteo cunha contía mínima de 150 millóns de euros destinado a apoiar economicamente, pola vía da redución do endebedamento, as explotacións con perspectivas de continuidade que tiveron que realizar fortes investimentos na compra de cota láctea.
- Garantir a correcta aplicación do acordo sobre homologación de contratos, impulsado polo Ministerio en 2009.
- Empezar un plan para a revitalización das explotacións agrarias de carácter familiar, a recuperación e desenvolvemento sustentábel da economía e os ecosistemas agrarios, e a fixación de poboación no medio rural a prol do seu equilibrio demográfico, sectorial e territorial.
- Aprobar un paquete de estímulos fiscais –rebaixas de impostos e cotizacións sociais– aos sectores agrogandeiros cuxa aplicación sexa automática para épocas de descenso das rendas agrarias.
- Revisar o sistema fiscal no que atinxe o sector forestal, dando un tratamento favorábel ao investimento en proxectos multifuncionais para o monte que combinen o aspecto produtivo e o ambiental, á arborización con especies autóctonas de ciclo longo, e á constitución de fórmulas colectivas de xestión dos espazos forestais.
- Reformar a fiscalidade dos montes veciñais en man común, en liña coa proposición de lei formulada polo BNG e que tivo apoio maioritario para ser admitida a trámite na pasada lexislatura.

4.3.5 SECTOR PESQUEIRO

Galiza é unha potencia pesqueira, porén, as políticas adoptadas a nivel estatal e tamén europeo –facilitadas pola pasiva submisión dos diferentes gobernos centrais– non cambiaron a situación de marxinación estrutural da pesca galega UE. Xa que logo, a fin de recuperarmos a puxanza do sector, tendo en conta ademais as negociacións sobre a reforma da Política Común Pesqueira (PCP), instaremos o impulso das seguintes medidas:

- A consideración de Galiza como zona altamente dependente da pesca, así como un tratamento diferenciado para a pesca de baixura e o marisqueo.
- A modificación do principio de estabilidade relativa, que se substitúa o actual sistema de capturas admisíbeis totais (TAC) e cotas por outro que, asegurando a sustentabilidade dos recursos, teña en conta os dereitos históricos de Galiza e o esforzo pesqueiro.
- A modificación dos criterios de distribución de subvencións do Estado español en materia de apoio a estruturas pesqueiras e fomento da acuicultura e cultivos mariños, de forma que atendan a dimensión e a importancia socioeconómica da pesca na Galiza.
- A reivindicación da presenza galega na política exterior no que atinxe a pesca. Neste sentido, intensificarase a renovación ou subscripción de acordos pesqueiros con terceiros países para manter o peso da frota galega, tendo a

opinión de Galiza carácter vinculante cando os convenios afecten o emprego e mantemento do potencial produtivo.

- O reforzamento dos recursos económicos e humanos destinados á investigación aplicada na pesca, de xeito que o Instituto de Oceanografía (IEO) exerza axeitadamente o seu labor de investigación, avaliación de pescarías e asesoramento científico.

4.3.6 IMPULSO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

A acción do BNG irá encamiñada a instar o Goberno do Estado a que desenvolva unha política de fomento das tecnoloxías da información e da comunicación e, por tanto, a competencia, o investimento en novas infraestruturas, a garantía de servizo universal e o equilibrio territorial e, en concreto:

- A transferencia da xestión e explotación do espazo radioeléctrico á Xunta de Galiza e o impulso á concesión de licenzas de espectro radioeléctrico de ámbito autonómico.
- A reclamación para Galiza da Axencia Estatal de Radiotelecomunicacións.
- O establecemento das tarifas de acceso a Internet para que estean na franxa media europea para unha calidade homologábel, así como a redución dos prezos de interconexión fixo-móbil aproximándoos aos custos reais do servizo e a seguranza no cumprimento efectivo do acceso a internet como servizo universal.
- O impulso –no tocante á Televisión Dixital Terrestre– á recepción e ás emisións interautonómicas e con Portugal, así como a demanda para que o Estado asuma os gastos ocasionados pola adecuación da recepción en zonas de sombra.
- A promoción da interoperabilidade e a exigencia do cumprimento dos estándares de accesibilidade.
- O impulso ao software de código aberto e á utilización de formatos libres, e promoción dunha regulación europea e internacional de protección do software non baseada sobre a concesión de patentes, senón na Lei de Propiedade Intelectual, na liña do acordado polo Parlamento Europeo en relación á Directiva de Invencións Implementadas en Computadora.
- O apoio do Goberno do Estado para a consecución dun dominio galego de primeiro nivel da Internet: o “.gal”.
- O cumprimento efectivo da sentenza sobre a improcedencia do canon dixital, rexeitando calquera imposición de impostos análogos.

4.4 DESENVOLVEMENTO DE INFRAESTRUTURAS ESTRATÉXICAS E DE TRANSPORTE

O BNG desenvolveu un traballo político intenso a prol de que se garantise un mínimo do 8 por 100 do total dos investimentos públicos do Estado en Galiza, 2 puntos por riba do que representa a poboación de Galiza no Estado, a fin de asegurar un nivel de fondos que permitisen contrarrestar o déficit arrastrado en materia de investimento

público en infraestruturas no noso país, froito da relegación a que foi sometido tanto por Gobernos do PP como do PSOE.

Esa reivindicación, impulsada polo BNG, tivo que ser asumida polas restantes forzas políticas e hoxe en día –grazas ao BNG– fica como unha garantía que evitará que en sucesivos anos diminúa a porcentaxe de investimento público en tanto non se atinxa unha converxencia con outros territorios nesta materia.

As continuas rebaixas do teito de gasto público non poden servir de pretexto para frear ou retardar as principais infraestruturas comprometidas polo Goberno central con Galiza, infraestruturas que son estratéxicas para o desenvolvemento do noso país. O nivel de atraso na dotación de infraestruturas básicas xustifica, aínda nun contexto adverso como o actual, que se manteña a programación infraestruturas comprometidas para a vertebración territorial de Galiza. É por tanto preciso:

- Garantir os prazos para a execución das infraestruturas ferroviarias que permitan vertebrar a alta velocidade en Galiza e a modernización da nosa rede ferroviaria: a conexión por alta velocidade coa meseta, a plena execución do Eixo Atlántico coa construción dos treitos pendentes Ferrol - A Coruña e Vigo - Tui; así como a adecuación a altas prestacións ferroviarias do treito Lugo - Ourense.
- Asegurar a adecuación a altas prestacións ferroviarias da rede interna de Galiza que permita dotar dun servizo ferroviario de calidade que conecte todas as cidades de Galiza.
- Traspasar a Galiza os trens rexionais e de proximidade, coa dotación orzamentaria necesaria para a implantación destes servizos.
- Terminar os portos exteriores de Ferrol e A Coruña, coa execución das conexións tanto viarias de alta capacidade como ferroviarias.
- Finalizar a Autovía Transcantábrica (A-8) e a AC-14 (terceira rolda da Coruña), así como fixar horizontes temporais realistas para que se manteña un nivel de investimento e execución nas restantes autovías pendentes en Galiza.
- Transferir a Galiza a competencia sobre as autoestradas AP-9 (Ferrol-Tui) e AP-53 (Santiago-Ourense).
- Reclamar a transferencia da competencia sobre os aeroportos galegos a Galiza, para a xestión integral dos mesmos co fin de artellar un sistema aeroportuario integrado galego, baseado na especialización e complementariedade dos tres aeroportos galegos.
- Retomar –en tanto non se produza a transferencia– a coordinación de todas as administracións no seo do Comité de Rutas cara a acometer unha xestión desde unha perspectiva integrada das terminais aeroportuarias galegas, co obxectivo de: garantir e incrementar as conexións cos grandes sistemas aeroportuarios europeos; aumentar as conexións internacionais directas, especialmente as transoceánicas; potenciar o tráfico de mercadorías, coa especialización dun dos tres aeroportos galegos, e a dotación dunha alfándega con fin de captar tráfico internacional.

Por outra banda, as políticas que fomenten o transporte público e o seu uso por parte

da poboación deben ser incentivadas decididamente. Entre estas destacan:

- O impulso aos medios de transporte menos contaminantes.
- O deseño de plans de transporte público metropolitano con acceso ás subvencións estatais.
- O fomento da intermodalidade, como garante dunha integración óptima dos diferentes modos de transporte en Galiza, que ha de ter un carácter estratéxico, sendo preciso dotar de conexións ferroviarias os principais portos galegos, especialmente os Portos Exteriores da Coruña e Ferrol, e de estacións intermodais as cidades galegas ligadas á implantación da alta velocidade ferroviaria.

5. UNHA ALTERNATIVA PARA A SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

O BNG asume que non é posíbel defender o medio ambiente sen superar o sistema actual de produción e distribución e, polo tanto, defende un modelo económico alternativo con obxectivos racionais, que teña en conta as necesidades humanas, mais que cree condicións xustas e sustentábeis en beneficio da xeración presente e das futuras.

Partindo deste principio, a actuación do BNG nas Cortes Xerais basearase na aposta pola mellora ambiental de Galiza, o desenvolvemento sustentábel e a conservación ecolóxica, que se acadará a través:

- Do traspaso das competencias medioambientais pendentes a Galiza, particularmente sobre a xestión do dominio público costeiro, as augas continentais que discorran por territorio galego, as relativas á loita contra a contaminación, e a concreción do traspaso do Parque das Illas Atlánticas. Neste sentido, defenderase a competencia de Galiza sobre a instalación de parques eólicos no mar, e a oposición á ocupación da costa con aeroxeneradores.
- Da defensa da non proliferación da enerxía nuclear, opóndose a calquera tentativa de volver á construción, ou prorrogar, novas centrais nucleares no Estado español.
- Da aposta polo cambio de modelo enerxético, coa substitución progresiva das enerxías contaminantes por renovábeis.
- Da negativa a autorizar máis aproveitamentos hidroeléctricos nos ríos galegos nin a ampliación das turbinas nos encoros existentes. En particular, dar cumprimento ao Acordo impulsado polo BNG no Senado sobre a paralización de autorizacións e execucións de máis aproveitamentos hidroeléctricos na cunca Miño -Sil.
- Do impulso dos plans para o saneamento integral das rías galegas, garantindo os investimentos necesarios por parte do Estado para terminar a construción das depuradoras de augas residuais nas cidades da costa, así como as pendentes do interior.
- Do rexeitamento de calquera pretensión de prórroga ou revisión da concesión ambiental do complexo industrial de ENCE-ELNOSA na ría de Pontevedra,

- mantendo a firmeza da súa caducidade no 2018, co traslado da súa actividade produtiva da súa localización actual.
- Do mantemento do compromiso coas medidas tendentes á redución dos gases con efecto invernadoiro e da demanda ao Goberno para que intensifique a súa defensa a nivel internacional a prol da adhesión e da aplicación do Protocolo de Kioto, segundo os prazos acordados en Balí.
 - Do impulso de estratexias que leve ás industrias a minimizaren a xeración de residuos e a incrementaren a eficiencia e o aforro enerxético, así como afondaren no seguimento e no control das emisións de compostos químicos polas industrias para evitaren problemas nos ecosistemas.
 - Do impulso de medidas para estabilizar, e progresivamente diminuír, o volume de tráfico motorizado, e apostar por un transporte de persoas e mercadorías maioritariamente colectivo.
 - Do impulso ao tráfico de mercadorías por ferrocarril, fomentando a reconversión ecolóxica do transporte.
 - Da aplicación dunha xestión urbanística racional e sustentábel na costa galega, evitando a súa urbanización agresiva, así como a implantación de infraestruturas que afecten a protección do litoral.
 - Da defensa do dereito da cidadanía a coñecer a localización dos cultivos con organismos modificados xeneticamente, no camiño da prohibición definitiva dos cultivos transxénicos.
 - Da aplicación dunha fiscalidade orientada á sustentabilidade que grave as actividades máis contaminantes.
 - Do rexeitamento da pretensión de Estados da Unión Europea de verter residuos radioactivos na foxa atlántica.
 - Da construción de centros de almacenamento na costa galega, dotados de medios materiais e persoal especializado dabondo, así como de instalacións para a recepción de refugallos e substancias contaminantes, co obxectivo de posibilitar unha retirada rápida de vertidos contaminantes ao mar.
 - Do impulso do soterramento dos tendidos de alta e media tensión que discorran á beira de núcleos de poboación.
 - Da aposta por unha xestión dos espazos de protección ambiental onde se outorgue prioridade aos usos tradicionais compatíbeis e aos respectuosos co contorno.

6. UNHA ALTERNATIVA PARA FOMENTAR A DIVERSIDADE NA POLÍTICA LINGÜÍSTICA, CULTURAL, EDUCATIVA E DEPORTIVA

6.1 LINGUA

A negativa a asumir a diversidade lingüística e cultural no Estado continúa a ser patente, tanto pola existencia de obstáculos para poder vivir e desenvolverse plenamente en galego perante múltiples institucións e departamentos administrativos estatais, nos medios de comunicación públicos, na administración de xustiza; como polo escaso avance que se está a producir cara a unha maior normalización das linguas cooficiais propias.

O BNG desenvolverá unha activa política para que haxa unha vontade real e decidida de impulsar a difusión de todas as linguas do Estado, consonte o seu real carácter plurilingüe. Así, o BNG vai:

- Garantir o cumprimento da Carta Europea das Linguas rexionais e minoritarias, ratificada polas Cortes Xerais.
- Garantir a atención en galego perante a administración do Estado e entidades do sector público estatal, oral e escrita, ao longo de todos os procedementos administrativos.
- Comprometerse cos servizos públicos audiovisuais de titularidade estatal coa difusión e promoción do galego, ampliando as bandas horarias de desconexión e que, coa tecnoloxía dixital, ofrezca versión en galego de todas as películas, series de animación infantil e xuvenil e retransmisións deportivas.
- Acometer un plan de normalización lingüística na administración de xustiza, particularmente para garantir a efectividade do dereito a empregar a lingua en todos os procesos, a ser a lingua habitual por parte das autoridades e funcionarios xudiciais ao longo dos procesos e nas súas comunicacións xudiciais, a poder realizar as inscricións rexistradas en galego e a incrementar a presenza da lingua galega nas escrituras notariais.
- Asegurar o respecto da toponimia oficial galega en todas as rotulacións, impresos, publicacións, páxinas webs institucionais dependentes do Estado ou das súas institucións.

6.2 CULTURA

A política cultural deseñada e programada desde as institucións e administracións centrais ignora a diversidade cultural existente e inherente ao carácter plurinacional e pluricultural do Estado español. Esa liña de actuación reafirma a asimilación cultural, no canto de impulsar a pluralidade cultural, sendo ademais cada vez máis patente a innecesariedade de soste-la unha estrutura administrativa ministerial central para fomentar e promover expresións e manifestación culturais.

Por outra banda, o Goberno amosou unha ineficacia evidente cara a promover un debate sereno e sacar conclusións equilibradas e positivas para todos os sectores no que atinxe a difusión de contidos culturais a través das novas plataformas tecnolóxicas, compatíbel coa protección que merece a protección dos dereitos dos creadores e autores.

Na actuación no eido cultural nas Cortes Xerais, o BNG propondrá:

- A simplificación da estrutura administrativa no ámbito cultural, coa transferencia dos servizos e medios ás CCAA con culturas nacionais diferenciadas, o que incluírá o traspaso tanto de museos, arquivos, bibliotecas, infraestruturas culturais; os fondos para apoiar a xestión e promoción das diversas manifestacións culturais; así como a xestión desde a Xunta de Galiza da aplicación do 1 por 100 cultural destinado á rehabilitación do patrimonio histórico-artístico.
- A promoción da cultura galega no Estado, así como a inclusión dunha oferta cultural galega na promoción exterior, particularmente a través do Instituto Cervantes.
- O impulso da mellora nos tratamentos fiscais das industrias culturais e, en xeral, da fiscalidade da cultura cara a estimular a súa produción e consumo.
- A recuperación para usos culturais, sociais e lúdicos dos espazos militares en desuso.
- A reforma da vixente lexislación sobre propiedade intelectual, que dea pé á aprobación dunha nova regulación dos dereitos de autor, que teñan en conta a realidade actual na difusión de contidos consonte as tecnoloxías dispoñíbeis, revise a retribución “por copia”, e implante unha nova protección dos dereitos dos autores e creadores con base no diálogo e consenso dos sectores implicados.
- A defensa, en tanto non se mude a fondo a regulación sobre os dereitos de autor, para que se derroge a lei actual, aprobada de xeito exprés e sen reflexión e procura de acordos básicos entre os afectados, sobre o feche gobernativo de webs (coñecida como “Lei sinde”).

6.3 POLÍTICA EDUCATIVA

Consonte a concepción que temos da educación como servizo público esencial, o BNG continuará a desenvolver unha actuación política que impulse un ensino gratuíto, laico e adaptado á realidade lingüística, cultural e socioeconómica de Galiza.

O incremento das dotacións orzamentarias que se consignan para a educación pública seguirá a ser unha demanda constante do BNG nas Cortes Xerais, alén de revisar o papel que desempeñan hoxe os concertos educativos, especialmente en etapas non obrigatorias do ensino, e tamén a presenza da relixión na formación regrada educativa.

Por outra banda, os pasos dados cara á construción dun espazo europeo de educación superior, están a abocar a unha conversión da Universidade cara a un modelo cada vez

máis afastado do carácter público, cunha crecente privatización de ámbitos do ensino universitario, retrocedendo a respecto dos avances habidos para facilitar o acceso de amplas capas sociais á formación académica superior.

En materia de política educativa, o BNG, avogará por:

- Dotar o sistema educativo de maiores niveis de calidade, apostando polo crecemento das dotacións orzamentarias destinadas á educación, naqueles programas estatais que transfiren fondos ás CCAA, así como nos programas de axuda ás becas e axudas ao estudo, co obxectivo de situármonos no nivel medio de gasto por estudante no ámbito da UE, nun prazo máximo de cinco anos.
- Completar as transferencias pendentes en materia de xestión de programas educativos, centros educativos e formativos situados en Galiza adscritos á administración central.
- Implantar a competencia plena das CCAA na elaboración de planos de estudo e deseños curriculares na formación profesional, pola vinculación co sistema produtivo máis próximo.
- Revisar a política de concertos educativos, priorizando os recursos dispoñíbeis no financiamento do ensino nos centros públicos, acometendo, se for preciso, a reforma constitucional relativa ao dereito á educación.
- Excluir do ensino regrado a relixión confesional, emprendendo unha renegociación dos acordos co Vaticano e os análogos asinados coas demais confesións relixiosas, para que a aprendizaxe da relixión sexa unha actividade complementar organizada –fóra do ámbito escolar– e sufragada polas organizacións relixiosas.
- Defender unha reforma da normativa de universidades (LOU) que defina claramente o modelo de universidade pública, elimine enfoques centralizadores e transfira as competencias sobre avaliación e profesorado ás CCAA.
- Incrementar o financiamento das universidade públicas, tomando como referencia o 1.5 por 100 do PIB, para evitar que enceten unha senda de privatización encuberta, e favorecer a participación dos proxectos de investigación universitarios nos programas de I+D+i.
- Transferir as competencias e medios materiais da Universidade a Distancia (UNED), da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, e das entidades dependentes do Centro de Investigacións Científicas a Galiza.
- Ampliar as dotacións dedicadas á política de bolsas e axudas ao estudo universitario, á mobilidade de estudantes con terceiros países (Erasmus), así como aplicar unha política de contención dos prezos públicos en todos os niveis de estudo universitario.

6.4 POLÍTICA DEPORTIVA

O BNG partilla a idea de promover unha mellora na calidade e vida das persoas a través do fomento dunha acción deportiva saudábel, de desfrute, diversa e para todas as persoas, que anime á participación nas actividades físico-deportivas, con especial fincapé na posta en valor de políticas de igualdade para as persoas e colectivos máis desfavorecidos na práctica deportiva.

Deste xeito, impulsaremos nas Cortes Xerais políticas dirixidas a que o deporte atinxa a importancia social e educativa que debe ter como actividade fundamental para o desenvolvemento integral das persoas, propondo a adopción de medidas como:

- Demandar o traspaso a Galiza da xestión dos fondos públicos e as subvencións en materia de fomento deportivo e infraestrutura deportiva destinados a Galiza, territorializando as dotacións orzamentarias do Consello Superior de Deportes, co fin de garantir unha maior eficacia e equidade na súa distribución.
- Reclamar que as federacións galegas de cada modalidade deportiva sexan as últimas instancias en todo o relacionado coa articulación de cada un dos deportes en Galiza, así como asegurar o seu funcionamento democrático e a racionalización das súas funcións na formación deportiva e no apoio aos novos deportistas.
- Articular a participación das seleccións deportivas galegas en competicións internacionais e a representación das federacións deportivas galegas nos organismos deportivos internacionais de xeito directo.
- Avanzar cara a un mapa descentralizado de centros de alto rendemento deportivo, que permita dotar o noso país de instalacións de tecnificación deportiva avanzada, e evite deste xeito a emigración de deportistas.
- Exixir da Administración do Estado a posta en marcha de medidas para que as sociedades anónimas deportivas (SAD) sufraguen as débedas con Facenda e a Seguridade Social en tempo e forma, así como o impulso a un proceso de diálogo coas ligas profesionais para lograr o equilibrio orzamentario dos clubs e a súa solvencia para realizar fichaxes e cubrir as remuneracións dos/das xogadores/as.

7. UNHA ALTERNATIVA PARA GARANTIR A DEMOCRACIA, AUMENTAR A TRANSPARENCIA E ESTENDER OS DEREITOS CÍVICOS

A crise económica tamén provocou unha grave crise democrática. A involución foi patente cando determinadas decisións adoptadas nos órganos depositarios da soberanía foron previamente demandadas por institucións non representativas (BCE), Gobernos estranxeiros (o tándem franco-alemán), ou mesmo ocultos e escuros poderes parapetados baixo o eufemismo de “mercados”, que non son outros que os axentes financeiros que perseguen manter altas taxas de ganancia a custo do benestar e a mellora da calidade de vida das maiorías sociais.

A reforma constitucional tramitada en apenas quince días, sen referendo público, e que plasma como norma xurídica básica un determinado ideario económico como única opción de política económica a levar a termo por todas as administracións do Estado, é o colofón a este proceso de deterioro democrático.

Nesta situación, a rexeneración democrática é máis urxente que nunca, e alén de ser precisa unha propia reformulación institucional do Estado da man dunha modificación constitucional a fondo (como se exporá máis adiante), tamén require de mudanzas nas leis, regras e procedementos existentes para conformar a vontade popular perante decisións importantes para toda a cidadanía. O BNG avogará por:

- Unha **reforma da lei electoral** asentada nos seguintes principios:
 - A fixación como circunscrición electoral á Comunidade Autónoma, eliminando a circunscrición provincial.
 - A adopción dunha fórmula de proporcionalidade directa para a atribución de representantes.
 - A supresión de límites mínimos para acceder ao reparto da representación, así como da exigencia de avais para poder presentar candidaturas por formacións políticas inscritas.
 - O establecemento obrigatorio de debates públicos durante as campañas electorais nos medios públicos de comunicación, onde estea garantida a presenza de todas as forzas con representación nas Cortes Xerais.
 - A garantía de acceso en períodos electorais de todas as forzas políticas representativas aos espazos informativos dos medios de comunicación social, de xeito que se respecte a pluralidade política.
 - A eliminación da propaganda electoral postal (*mailing*), así como a redución de material electoral, fixando como obrigatoria e exclusiva a recepción no local electoral das papeletas de votación.
 - Un novo modelo de campañas electorais, que diminúa a propaganda electoral subvencionada, e incrementa o financiamento directo, a través do acceso garantido aos medios públicos de comunicación, a realización de debates, e o fomento do contraste público das alternativas programáticas en todo tipo de foros.

- Unha **reforma dos regulamentos das institucións parlamentarias representativas**, a fin de:
 - Reducir significativamente a exigencia de sinaturas e avais para poder presentar iniciativas lexislativas populares a debate e votación nas Cámaras Lexislativas.
 - Permitir a presenza e debate directo dos impulsores das iniciativas con respaldo cidadán.
- Unha **aprobación dunha nova lei sobre consultas públicas**, como medida para reforzar a democracia directa, de xeito que se atribúa a posibilidade de convocar referendos a todas as administracións sobre asuntos da súa competencia, e incluso establecendo un catálogo de asuntos que deberán ser obxecto de consulta obrigatoria antes de adoptar a decisión, especialmente os vinculados á xestión de servizos públicos básicos, así como un procedemento para que un determinado número de cidadáns poida exixir a convocatoria de referendos públicos con carácter vinculante para os poderes públicos.
- Unha **aposta pola transparencia no exercicio da actividade pública**, adoptando as reformas normativas precisas para:
 - Unha aplicación máis rigorosa da incompatibilidade no desempeño de actividades privadas dos cargos e ex-altos cargos públicos a fin de preservar a independencia dos responsábeis políticos de intereses privados e dos grandes grupos de presión.
 - Unha ampliación das situacións legais de incompatibilidade ou conflito de intereses, especialmente a supostos de consultarías ou asesorías especiais a órganos de dirección de empresas, ou a participación como asesor especial nestes órganos, cuxa actividade estea relacionada coas competencias exercidas como cargo público.
 - Unha modificación do estatus dos ex-presidentes de Goberno, exixindo a renuncia ás prerrogativas cando exerzan actividades remuneradas por conta de empresas privadas.
 - Unha aplicación dunha Lei de transparencia que informe sobre todos os trámites administrativos de procedementos de gasto (contratacións, subvencións, concesións etc.)
 - Unha revisión do financiamento dos partidos políticos vinculada á reforma das campañas electorais, de xeito que se reduza a subvención de propaganda e se incremente o financiamento directo en igualdade de condicións a todas as forzas políticas concorrentes.
- Unha aposta pola **extensión dos dereitos cívicos** coa:
 - Regulación do dereito á morte digna, coa despenalización da eutanasia.
 - Extensión dos dereitos dos membros das parellas de feito, co horizonte na equiparación total cos que ostentan os cónxuxes.
 - Revisión dos Acordos Estado - Santa Sé, a fin de eliminar privilexios da Igrexa Católica.
 - Redución, consonte a neutralidade confesional do Estado, do financiamento público das confesións relixiosas, ficando exclusivamente a cargo dos fieis das congregacións.
 - Aprobación dunha norma que exclúa a presenza de simboloxía relixiosa nos actos oficiais e dependencias das administracións e institucións públicas.

8. UNHA ALTERNATIVA PARA AVANZAR NO AUTOGOBERNO DE GALIZA

Baixo a dirección dos grandes poderes financeiros e económicos, estase a asumir polos Gobernos unha saída á crise que supón unha maior concentración da riqueza e da economía dos seus centros financeiros e de produción. A viabilidade desa maior concentración require dunha concentración de poder político. Nese contexto é onde se insiren os renovados ataques, non só ao negar calquera posibilidade de incremento do autogoberno de nacións sen Estado, como Galiza, senón ao impor limitacións e regresións á autonomía (xa de por si limitada) outorgada.

As alusións infundadas ao malgastamento que supón a actual descentralización do Estado español, que agochan a mantenta que a porcentaxe de débeda pública das CCAA é inferior á porcentaxe de gasto que lles corresponde xestionar, forman parte desa estratexia que necesita para o seu éxito a consolidación dunha férrea e xerarquizante estrutura de poder político, que afaste os centros de decisión da cidadanía.

O BNG vén reclamando unha maior asunción de máis competencias e maior responsabilidade para gobernar os asuntos que nos interesan. Os galegos e as galegas temos dereito a institucións fortes, que poidan tomar as rédeas e asumir o rumbo do país sen pedir permiso, e nun horizonte razoábel. Xa sufrimos durante tempo as incoherencias do modelo actual, as discriminacións para Galiza, e non podemos seguir agardando a avanzarmos no camiño do autogoberno de Galiza.

A esperanza de Galiza para loitar contra a crise tamén se chama AUTOGOBERNO, tamén pasa por asumirmos que somos unha nación chamada a que as súas institucións democráticas poidan dirixir e decidir amplamente en todos os eidos económicos, sociais, de liberdades e dereitos públicos da cidadanía ou de modelo de articulación territorial e institucional.

Galiza aspira a medrar en decisión política, a ter maior responsabilidade para gobernar os asuntos que nos afectan e interesan. No estadio actual da crise económica cómpre lembrar que a limitada autonomía política que ten Galiza, que xa de por si condiciona un desenvolvemento económico endógeno, agudiza en maior medida a procura de solucións orientadas á reactivación económica a prol das maiorías sociais. Agora máis que nunca a recuperación económica non vai vir da man da aplicación e xestión de políticas deseñadas en centros de decisión afastados de Galiza, senón da reivindicación dun maior autogoberno que implique unha asunción de máis competencias e responsabilidades no eido económico por parte das institucións propias de Galiza.

Neste momento non abonda simplemente con reformas estatutarias no marco dunha Constitución que se ve superada amplamente pola realidade. O camiño para avanzarmos no autogoberno é una reforma constitucional, que recoñeza a capacidade de Galiza de decidir amplamente desde as institucións do país nas cuestións que nos competen.

A reforma constitucional debe ser abordada de xeito aberto, con base no principio de igualdade de todas as nacións do Estado para ser os alicerces da súa estrutura política, como translación do recoñecemento do carácter plurinacional do Estado español, avanzando nos seguintes aspectos:

- O recoñecemento do dereito de autodeterminación de Galiza, consonte a súa condición de nación, que leve aparelado o exercicio libre e soberano de poder para atinxir os seus obxectivos de desenvolvemento económico sustentábel, benestar social e florecemento cultural nun modelo de articulación axeitado dos seus dereitos e intereses, con criterios democráticos de liberdade, paridade e reciprocidade.
- Unha nova actitude fronte á diversidade cultural e lingüística, que se plasme na asunción da diversidade lingüística en todas as institucións.
- A estruturación competencial que faga politicamente efectivo o recoñecemento da plurinacionalidade do Estado, cunha regulación asimétrica que permita diferenciar o nivel competencial e de autogoberno das nacións do Estado.
- A adecuación dos modelos de financiamento público ás necesidades que temos de gobernar en función da nosa realidade nacional, e que nos permita recadar e facer uso pleno dos nosos recursos económicos.
- Unha reforma institucional en profundidade, que atenda o novo papel que deben cumprir o Senado e do Tribunal Constitucional nun Estado plurinacional.
- A fonda revisión do Senado, co obxectivo de se converter nunha verdadeira cámara de representación das nacións que compoñen o Estado, partindo da designación dos seus membros polas nacións e rexións a través dos seus Parlamentos, da ampliación das competencias lexislativas e da atribución da capacidade de veto nos casos en que unha decisión afecta de xeito relevante aos intereses dun concreto territorio.
- A adaptación do Tribunal Constitucional ao carácter composto do Estado, regulando un novo procedemento de nomeamento de maxistrados que mude radicalmente a designación unilateral desde poderes centrais do Estado, equiparando a posición do Goberno central cos restantes Gobernos á hora de impugnar e suspender a vixencia de normas impugnadas, e reforzando a solución arbitral a través de órganos políticos dos conflitos competencias.
- A presenza na Unión Europea e no ámbito internacional acorde co recoñecemento xurídico-político das nacións que integran o Estado español.
- A eliminación das provincias como institución garantida na Constitución, e da súa referencia como circunscrición electoral.
- A adecuación do poder xudicial ao esquema de descentralización política e administrativa, contemplando un poder xudicial propio para cada unha das nacións do Estado.

9. UNHA ALTERNATIVA A PROL DA PAZ E DA LEGALIDADE INTERNACIONAL

O BNG, como forza nacionalista, non avala o deseño militarista impulsado pola OTAN, a instancias dos intereses das grandes potencias occidentais, nin apoiou ningunha das agresións militares nas que participou e participan aínda as Forzas Armadas do Estado español (Iraq, Afganistán, Libia).

O Goberno español mantén una liña servil con esa política militarista, xa que mantén a colaboración coa ocupación ilegal de Afganistán, e participou activamente na agresión a Libia, alén de mostrar una pasividade inxustificábel perante as agresións de Marrocos ao pobo saharauí, que non respectou nin a legalidade internacional nin os máis elementais dereitos humanos.

Esta actitude está a afondar no descrédito dos organismos internacionais, como a ONU, pola manipulación e intimidación ao que os someten os EEUU, coa colaboración doutros estados, entres eles tamén o español.

Así, o BNG mantén o seu compromiso para contribuír a que a política internacional no Estado español se oriente á paz, á convivencia entre nacións, desde a defensa da libre determinación dos pobos, o seu dereito a controlar as súas riquezas, nun marco de legalidade baseado na igualdade, na xustiza e no respecto aos dereitos humanos, non na actuación unilateral, prepotente e agresiva dunha grande potencia, avogando en concreto por:

- A democratización da ONU, como sociedade de nacións orientada á cooperación entre pobos co obxectivo de instaurar unha orde internacional xusta, instando a que o Estado español deixe de colaborar co deseño agresivo e militarista dos EEUU.
- A modificación da política sobre as funcións das Forzas Armadas, no sentido de limitalas á defensa do territorio de ataques exteriores, e evitar a participación e presenza do mesmo en operacións militares de agresión a outros países.
- O avance na transparencia e no control parlamentario dos datos das exportacións de materia de defensa e dobre uso.
- A retirada das tropas do Estado español en misións exteriores que comportan a ocupación ou agresión militar, particularmente, Afganistán e Libia.
- A condena enérxica contra Marrocos pola ocupación do Sahara Occidental, instando a que o Estado español prema para a celebración do referendo de autodeterminación como garantías democráticas.
- Unha actuación cara a Oriente Medio proclive a respectar os dereitos das maiorías dos pobos a dirixir o seu futuro, sen interferencias das potencias estranxeiras, e a respecto das minorías.
- A exixencia de rematar coa ocupación e agresións ilexítimas ao pobo Palestino por parte de Israel, e apoiar decididamente a creación e recoñecemento internacional do Estado palestino.
- A demanda do feche inmediato de Guantánamo.

Así mesmo, o BNG defenderá o mantemento do financiamento destinado ás actuacións de cooperación internacional ao desenvolvemento que fornezan de coñecementos, investimentos e auxilio urxente aos pobos máis desfavorecidos.